- O concello solicita expresamente que, parte do importe que lle correspondeu no reparto asignado a Liña 4 e a Liña 2 que importa 32.768,46 euros, sexan destinados para financiar actuacións encadradas na Liña 1-Investmentos, consonte ao establecido nas bases reguladoras do Plan Máis Provincia 2024 que permiten aos concellos empregar as cantidades que non utilicen das liñas 2, 3 e 4 para facer investimentos (liña 1).
- A finalidade do investimento é a prestación dun servizo básico municipal (de acordo co recollido no artigo 25 e 26 de LRBRL. Neste sentido, tal e como se dispón na Base Primeira das reguladoras do Plan + Provincia 2025, nos supostos de investimentos de competencia municipal que se realicen sobre terreos, estradas ou na súas zonas de afección, de titularidade provincial ou de titularidade de calquera outra Administración Pública, o Concello deberá acreditar a competencia ou contar coa autorización expresa da respectiva Administración ou acreditar tela solicitada, requisito este que o Concello cumpre e acredita coa achega das solicitudes sectoriais que figuran no proxecto.
- Consta no expediente o Convenio asinado entre ámbalas dúas entidades, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación de data 28/05/2025 (rexistro núm: 2025010170)
- Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento as autorizacións sectoriais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia tal e como se sinala nos informes técnicos presentados. As devanditas autorizacións serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, así como o anexo III (acta de trazado previo) debidamente cumprimentadas e a resolución ou acordo de aprobación do proxecto polo organismo correspondente, conforme ao establecido na base 27ª do Plan. Debemos ter en conta que o Concello, en base ao contemplado na base 22ª do Plan +Provincia 2025, queda exento da aprobación do proxecto técnico por ser Augas de Galicia o organismo que redacta o proxecto e executa a actuación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base 22ª- No caso dos convenios coa Deputación ou con outras administracións nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello queda exento da aprobación do proxecto técnico.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/05/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 30/05/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B, unha subvención por importe de 63.519,48 euros co obxecto do financiamento da achega municipal da anualidade 2025 en base ao cronograma achegado polo concello do investimento “*NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS*” (exp: 2025004336)”, cuxo orzamento ascende a 356.788,96 euros. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase mediante a subvención concedida por Augas de Galicia, por importe de 293.269,48 euros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, xunto co Anexo III (acta de trazado previo) debidamente cumprimentada e a resolución ou acordo de aprobación do proxecto que figura no expediente polo organismo correspondente. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.35337.-

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS – II PEID DO INVESTIMENTO “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DO PAVILLÓN MUNICIPAL” (EXPTE.2025019803)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 28/03/2025, mediante rexistro WEB2025023099, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de O ROSAL na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 173.458,49 euros, co obxecto do financiamento dos honorarios técnicos por importe de 15.062,76 euros e da aportación municipal ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID) por importe de 158.395,73 euros do investimento “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DO PAVILLÓN MUNICIPAL” cun orzamento por importe total de 288.931,16 euros.

En data 24/04/2025, mediante notificación NOT2025009301, o servizo de Cooperación desta Deputación Provincial de Pontevedra requírelle ao concello de O Rosal, a efectos de reformulación da súa solicitude por non coincidir en conceptos e importe o orzamento presentado (288.931,16 euros) co importe do orzamento da solicitude do II PEID (273.868,40 euros.)

En data 15/05/2025, mediante rexistro WEB2025037075, o concello de O Rosal reformula a solicitude quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas (II PEID)	Fondos propios do Concello
273.868,40€	158.395,73€	115.472,67€	0,00€

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación; precisando que a execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución.



O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan +Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 01/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 19/05/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/25/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de O Rosal*, CIF: P3604800G, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investimentos, por importe de 158.395,73 euros , co obxecto do financiamento da achega municipal ao II PEID do investimento “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DO PAVILLÓN MUNICIPAL” (expediente nº: 2025019803), cuxo orzamento total ascende 273.868,40 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas (II PEID)	Fondos propios do Concello
273.868,40€	158.395,73€	115.472,67 €	0,00 €



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a concesión da presente subvención queda condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, a autorización do servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como o decreto ou o acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas – II PEID aprobado por acordo plenario núm. 3.8273 de 18/10/2024 (BOPPO nº 206 do 22/10/2024).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Rosal*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.35338.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN FORCADELA E MELLORA PATRIMONIAL DO CRUCEIRO DA PONTE” (EXPT.2025021337)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025025015, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de TOMIÑO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 72.508,33 euros, co obxecto do financiamento do investimento “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN FORCADELA E MELLORA PATRIMONIAL DO CRUCEIRO DA PONTE”, cuxo orzamento ascende 72.508,33 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
72.508,33 €	72.508,33 €	0,00 €	0,00 €

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.



Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e da Dirección Xeral da Patrimonio Cultural.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 21/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 29/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tomiño* (CIF:P3605400E), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 72.508,33 euros co obxecto do financiamento do investimento “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN FORCADELA E MELLORA PATRIMONIAL DO CRUCEIRO DA PONTE” (expte. 2025021337), cuxo orzamento ascende 72.508,33 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
72.508,33€	72.508,33€	0,00€	0,00€



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado as autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, así como o decreto ou o acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tomiño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.35339.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA, DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN REFORMA DA RUA CORUÑA, TUI” (EXPTE.2025018481)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 24/03/2025, mediante rexistro WEB2025021146, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de TUI na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 237.467,27 euros, co obxecto do financiamento da aportación municipal ao Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra do investimento “HUMANIZACIÓN REFORMA DA RUA CORUÑA, TUI”, cuxo orzamento ascende 949.869,06 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas (Plan Extra)	Fondos propios do Concello
949.869,06€	237.467,27€	712.401,79€	0,00€



O orzamento contempla honorarios de dirección de obra e coordinación seguridade e saúde por importe total de 28.072,00 euros.

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.

O Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización da dirección xeral de Patrimonio Cultural e informe do PEPCHA. O Secretario Municipal, informe que o PEPCHA informou favorablemente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación; precisando que a execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan +Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 27/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 31/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Tui*, CIF: P3605500B, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, por importe de 237.467,27 euros co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra do investimento “HUMANIZACIÓN REFORMA DA RUA CORUÑA, TUI” (expediente nº: 2025018481)”, cuxo orzamento ascende 949.869,06 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
949.869,06 €	237.467,27 €	712.401,79 €	0,00 €

O orzamento contempla honorarios de dirección de obra e coordinación seguridade e saúde por importe total de 28.072,00 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.35340.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROXECTO “+EMPREGA EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO 2025” PARA FINANCIAR OS CUSTOS DE PERSOAL DAS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO (EXPTE.2025033984)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 5 de xullo do 2024 aprobou o programa denominado “+Emprega” (acordo nº 8.34000), e está composto, entre outros, polo proxecto “+Emprega en Centros Especiais de Emprego”.



A Deputación de Pontevedra, no uso das competencias e atribucións que ten asignadas pola vixente LRBRL, elabora as bases reguladoras, en réxime de concorrència competitiva, para o proxecto “+Emprega en Centros Especiais de Emprego 2025” para financiar os custos de persoal imputables ao exercicio 2025 das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección dos CEE con sede e centro de traballo na provincia de Pontevedra.

O 22 de maio de 2025, a vicepresidenta inicia o expediente para a tramitación das citadas bases reguladoras e convocatoria, e o 23 de maio de 2025 o xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local emite informe sobre a necesidade da súa aprobación no marco do citado programa así como as disposicións legais e regulamentarias nas que se fundamenta.

O 3 de xuño de 2025, Intervención informa favorablemente o expediente e informa que a aplicación proposta nas Bases, 25/240.2410.489.90, considérase correcta e na mesma existe crédito polo importe máximo de 67.000,00 € aos que ascende o programa, quedando retido mediante R.C.núm. 12025000105726.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 (OXS).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025.
- Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Real Decreto 2273/1985, de 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos Centros Especiais de Emprego definidos no artigo 42 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de Integración Social do Minusválido.
- Decreto 200/2005 do 7 de xullo polo que se regula a autorización administrativa e inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia.
- Real Decreto 469/2006, do 21 de abril, polo que se regulan as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos Centros Especiais de Emprego.



2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Consta no expediente informe do xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no que se indica, por un lado, a necesidade de aprobar as bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para o proxecto “+Emprega en Centros Especiais De Emprego 2025” para o financiamento dos custos de persoal das unidades de apoio á actividade dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro no marco do programa “+Emprega” e, por outro lado, se indican as disposicións legais e regulamentarias nas que se fundamenta. Tamén consta no expediente informe de Intervención no que se sinala que existe crédito por importe de 67.000,00€ aos que ascende o programa, na aplicación 25/240.2410.489.90 quedando retido mediante R.C.núm. 12025000105726.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, do proxecto “+Emprega en Centros Especiais De Emprego, 2025” para financiar os custos de persoal das unidades de apoio á actividade dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro”, no marco do programa “+Emprega”, cuxo teor literal é o seguinte:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROXECTO “+EMPREGA EN CENTROS ESPECAIS DE EMPREGO 2025” PARA FINANCIAR OS CUSTOS DE PERSOAL DAS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE DOS CENTROS ESPECAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO

A Deputación de Pontevedra reconece a importancia do desenvolvemento económico e o impulso ao emprego, que radica no impacto directo na calidade de vida das persoas, así como na construción dunha sociedade máis equitativa e próspera.

Na Estratexia de economía social de Galicia recóllense como actividades prioritarias o reforzo de programas de creación de emprego, con particular atención á integración de colectivos con especiais dificultades coma as persoas con capacidades diferentes e as que están en situación ou risco de exclusión social, así como o apoio ás entidades que traballan para integrar estes colectivos.

En concreto, as persoas con discapacidade, especialmente as que presentan un grao severo, padecen altos niveis de desemprego e cómpre ter en conta que o traballo é un elemento esencial para garantir a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento persoal e a participación plena na vida económica, cultural e social, polo que a Deputación de Pontevedra ten entre as súas prioridades apoiar estes colectivos no sistema ordinario de traballo ou, se non é posible, mediante a fórmula especial de apoio protexido como ferramenta esencial para paliar o desemprego e a falta de ocupación, un dos maiores potenciadores de exclusión social.



Por estes motivos, o organismo provincial, a través do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, para darlle continuidade aos programas desenvolvidos en anos anteriores pon en marcha o programa “+Emprega”, que ten como principal obxectivo promover a inclusión social e o desenvolvemento económico e social da provincia a través da creación de emprego de calidade e do fomento da empregabilidade. Este programa presenta dous eixes de actuación: o eixe 1, relativo ao impulso ao emprego, e o eixe 2, referido ao fomento do emprego inclusivo.

Neste segundo eixe enmárcase o proxecto “+Emprega en centros especiais de emprego”, que lle dá continuidade á liña de subvencións aos centros especiais de emprego do ano 2024 e que contou cunha elevada participación. A súa finalidade é a de promover a integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego (en adiante, CEE) na provincia de Pontevedra a través de subvencións destinadas a financiar os contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación ou dirección, correspondentes ao ano en curso da convocatoria, dos CEE con domicilio social e centro de traballo na provincia de Pontevedra, co que se busca contribuír á creación dunha sociedade máis inclusiva e igualitaria, onde todas as persoas, independentemente da súa capacidade, teñan acceso a oportunidades laborais dignas e satisfactorias.

Así, a Deputación de Pontevedra pretende apoiar unha vez máis o funcionamento dos CEE da provincia que faciliten a integración das persoas con discapacidade no mercado de traballo, cuxa finalidade última é fomentar o acceso destas persoas ao emprego ordinario, o mantemento do emprego, a mellora da súa empregabilidade ao longo do ciclo laboral e o seu desenvolvemento profesional.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. En particular, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar os contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación ou dirección durante este ano 2025.

Estas subvencións rexeranse igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 249, de 30 de decembro de 2016, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións públicas destinadas a financiar os custos de persoal imputables ao exercicio de 2025 das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación ou dirección dos CEE con sede e centro de traballo na provincia de Pontevedra, que estean inscritos no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego e teñan recoñecida a súa carencia de ánimo de lucro na data de publicación desta convocatoria, coa finalidade de promover a integración laboral das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción mediante o seu emprego nos CEE que operan nesta provincia.



Segunda. Actuacións e gastos subvencionables

A Deputación de Pontevedra concederá subvencións para financiar os custos de persoal (os custos salariais e de Seguridade Social por conta da empresa) das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación ou dirección dos CEE que xa estean legalmente constituídos e en funcionamento no momento de publicación destas bases e da súa convocatoria, e que acrediten documentalmente a contratación de persoal con discapacidade. Deste xeito, para que se teñan en conta as contratacións das persoas con discapacidade do CEE, á hora da repartición estas deben estar formalizadas antes da publicación destas bases e da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

O período subvencionable dos contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do que desenvolva accións de coordinación ou dirección comprenderá todo o ano natural de 2025; en concreto, os gastos destas tipoloxías de persoal xerados durante este período.

Serán subvencionables os custos salariais das unidades de apoio, xa sexan contratos formalizados con anterioridade ou posterioridade á publicación destas bases. A contía da subvención dependerá dos tramos establecidos na base décimo primeira; percibirase o 100 % cando se xustifiquen os citados gastos por importe igual ou superior e se manteñan contratadas o número de persoas con discapacidade do CEE que se tivo en conta para adxudicar o importe da subvención; de non ser así, realizarase o axuste proporcional, tomando como referencia a media anual das persoas contratadas ao longo dos meses do período subvencionable, sen que o número ou a tipoloxía dos contratos das unidades de apoio inflúa para estes efectos.

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas os CEE sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Figurar inscritos como centro especial de emprego no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, de 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no citado rexistro.*
- b) Ter recoñecida a súa condición como centro especial de emprego sen ánimo de lucro.*
- c) Constar obrigatoriamente o domicilio social e o centro de traballo na provincia de Pontevedra.*
- d) Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- e) Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídos nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.*

A ausencia dos requisitos a, b e c no momento de publicación destas bases e da convocatoria no BOPPO, así como a súa obtención despois desta data de referencia, serán causas de exclusión directa. Os demais requisitos sinalados deberán cumprirse na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de vixencia desta convocatoria.

Cuarta. Financiamento e importe das subvencións

A contía total destinada a estas axudas ascende a un importe de sesenta e sete mil (67.000,00) euros e financiarase con cargo á aplicación 25/240.2410.489.90 do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025. Non obstante, a concesión destas subvencións quedará sempre condicionada á existencia de crédito suficiente.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo das axudas será de quince mil (15.000,00) euros para cada unha das entidades solicitantes. En caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente, farase un rateo proporcional entre todas as solicitudes que resultasen seleccionadas para recibir a subvención.

Quinta. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo primeira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.*



Sexta. Presentación de solicitudes

Só se admitirá unha solicitude de subvención por cada entidade solicitante.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, (código SLA 303005) de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

O formulario normalizado, de uso obrigatorio, recolle os elementos de información e as declaracións que as entidades interesadas deben prever para tramitar as solicitudes, entre as que se inclúen:

- *Relación de postos de traballo para os que se solicita a subvención, coa indicación do número de postos e os seus custos estimados desagregados.*
- *Declaración xurada de non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluída nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.*
- *Declaración xurada de non recibir outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade ou, no seu caso, de que os ingresos ou recursos alleos non superan o custo da finalidade subvencionada, con indicación da contía recibida e da entidade que financia.*

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Coa solicitude deberase achegar toda a documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos. Tamén deberán presentar toda aquela documentación que acredite o cumprimento dos criterios de selección indicados na solicitude para que sexan obxecto de valoración.

Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude.

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras e da convocatoria, así como do extracto, no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- *NIF da persoa xurídica solicitante.*
- *Domicilio social da entidade solicitante.*
- *Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT.*
- *Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA.*
- *Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Seguridade Social.*
- *Certificado de estar ao corrente dos pagamentos coa Deputación de Pontevedra.*

En caso de que as entidades interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.



Novena. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación, necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos e criterios de selección indicados na solicitude e esixidos nestas bases para que sexan obxecto de valoración:

- a) Acreditación da representación da persoa representante dos CEE, só no caso de non empregar un certificado cualificado de representante.*
- b) Informe de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) de todos os meses do exercicio anterior ao da publicación destas bases e do extracto no BOPPO (ano 2024), no que deberán figurar todas as persoas con discapacidade traballadoras do CEE.*
- c) Acreditación documental da cualificación como CEE.*
- d) Acreditación documental do recoñecemento da carencia de ánimo de lucro do CEE.*

Segundo o expresado no artigo 28.2 da LPACAP, non será necesario achegar esta documentación cando a entidade solicitante xa o fixese na convocatoria do exercicio anterior.

Durante a instrución do procedemento, a Deputación de Pontevedra poderá requirir calquera documento acreditativo dos requisitos establecidos nestas bases. En caso de ter que achegar documentación complementaria, as entidades interesadas deberán presentala de xeito obrigatorio por medios electrónicos. As entidades beneficiarias responsabilizaranse da veracidade dos documentos entregados e, excepcionalmente, a Administración poderá requirir a mostra do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, no prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicáráselle que, de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054—Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Na Sede electrónica están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de xeito electrónico ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>

Décimo primeira. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva. Para a repartición das cantidades das subvencións terase en conta a media de persoas con discapacidade contratadas no CEE indicadas nos informes de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) da totalidade dos meses do exercicio anterior (anualidade de 2024) achegado na fase de solicitude, sen que sexan acumulables os seguintes tramos:

- a) 10 ou menos persoas traballadoras con discapacidade: 3.500,00 euros*
- b) De 11 a 20 persoas traballadoras con discapacidade: 5.500,00 euros*
- c) De 21 a 30 persoas traballadoras con discapacidade: 7.500,00 euros*
- d) De 31 a 40 persoas traballadoras con discapacidade: 10.500,00 euros*
- e) De 41 a 50 persoas traballadoras con discapacidade: 13.500,00 euros*
- f) Máis de 50 persoas traballadoras con discapacidade: 15.000,00 euros*



Para estes efectos, entenderanse como traballadoras ou traballadores con discapacidade dos CEE aquelas persoas contratadas que, segundo a normativa, se atopen nalgún dos supostos:

- a) Persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.*
- b) Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.*

Décimo segunda. Instrución e resolución do procedemento de concesión das subvencións

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). As actividades de instrución comprenderán:

- a) A petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- b) A avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme aos criterios de valoración.*

Unha vez avaliadas as solicitudes, e logo do informe de Intervención, a Comisión de Valoración emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, elevará a proposta de resolución e someteraa ao órgano competente. Nesta proposta farase tamén referencia ás entidades que non cumpran as condicións e á motivación da súa exclusión.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

Presidente/a: o deputado ou deputada coa delegación en materia de Emprego.

Vogais: o xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un membro do equipo técnico da Intervención da institución provincial.

Secretario/a: un membro do equipo técnico do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

A resolución do procedemento correspóndelle ao órgano competente da Deputación de Pontevedra. O prazo máximo para resolver e notificarlles ás entidades interesadas a resolución do procedemento é de seis (6) meses, contados desde a publicación desta convocatoria. Transcorrido este prazo sen notificárselles a resolución ás persoas interesadas, a solicitude de concesión da subvención entenderase desestimada por silencio administrativo.

A resolución da concesión de subvencións publicarase no BOPPO e producirá os efectos da notificación, de acordo co disposto no artigo 45 da LPACAP.

Décimo terceira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, ou a través de <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitíralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo cuarta. Aceptación da subvención

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se as persoas beneficiarias non se opoñen ou a rexeitan expresamente no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde a súa notificación.

Décimo quinta. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria transmitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión das subvencións no BOPPO e na súa páxina web, e remitiráselle á BDNS.

Décimo sexta. Compatibilidade con outras subvencións

As subvencións previstas nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero a contía total da subvención non poderá en ningún caso superar os custos totais da contratación do persoal subvencionado.

Para tal efecto, as entidades beneficiarias da subvención deberán comunicarlle á Deputación se obtiveron outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade tanto no momento da presentación da solicitude coma durante a tramitación do procedemento.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio, salvo coas concedidas ao abeiro do Plan de obras e servizos (Plan +Provincia), coas que si serán compatibles. A entidade beneficiaria deberá comunicar que é beneficiaria doutra subvención do organismo provincial, de se dar o caso.

Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as entidades beneficiarias deberán:

- a) Cumprir os requisitos dentro do período obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación. En todo caso, o financiamento dos custos de persoal deberá cumprir os requisitos previstos na normativa de aplicación.*
- b) Realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, polo menos, na publicación na páxina web e nas redes sociais da entidade beneficiaria da axuda outorgada pola Deputación de Pontevedra. Así mesmo, na documentación administrativa deberase facer mención ao financiamento da institución provincial.*
- c) Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia excepcional e debidamente xustificada que altere ou dificulte o desenvolvemento da actuación subvencionada.*
- d) Comunicar calquera outra axuda, ingreso ou subvención recibida para o mesmo fin. Cando o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, o importe da subvención deberá ser modificado.*
- e) Cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, o importe da subvención deberá ser modificado.*
- f) Someterse ao control financeiro da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.*



Décimo oitava. Xustificación

Unha vez finalizado o período subvencionable dos contratos (31 de decembro de 2025) e para a xustificación final, as entidades beneficiarias deberán presentar, no prazo máximo de tres (3) meses (31 de marzo de 2026), segundo o previsto na base décima, a seguinte documentación, dirixida ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento da Deputación de Pontevedra:

- 1. Relación de persoal do CEE para o que solicitou a subvención e conta xustificativa dos gastos realizados con desagregación dos custos salariais e de seguridade social (débase empregar o modelo obrigatorio).*
- 2. Nóminas dos meses imputados durante o período subvencionable, ano 2025, do persoal do CEE para o que solicitou a subvención.*
- 3. Memoria-resumo das actividades desenvolvidas polas persoas traballadoras do CEE cuxos gastos salariais son obxecto de subvención, na que deberá figurar tamén a documentación acreditativa da publicidade realizada.*
- 4. Informe de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) de todos os meses do período subvencionable (exercicio de 2025), no que deberán figurar tanto o persoal das unidades de apoio obxecto da subvención coma a totalidade das persoas con discapacidade contratadas no CEE que se tiveron en conta para a valoración e concesión do importe da subvención.*
- 5. Certificado bancario que acredite o pago das nóminas.*

O incumprimento das obrigas de xustificación levará consigo a perda da subvención.

Décimo novena. Pagamento

O pagamento farase ao recibir a xustificación final, unha vez rematado o período subvencionable.

Para os efectos do aboamento do importe máximo da subvención á que o CEE teña dereito, terase en conta a suma total dos gastos salariais devindicados no período obxecto de subvención, non o número de persoas contratadas nas unidades de apoio á actividade profesional e das que leven a cabo accións de coordinación ou dirección dos CEE.

Para aboar a subvención terase en conta o seguinte:

En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado:

- Aboarase a totalidade da subvención.*
- Realizarase o axuste proporcional cando non se manteñan contratadas as persoas con discapacidade do CEE que se tiveron en conta para adxudicar o importe da subvención. Este axuste proporcional aplicárase atendendo á media de persoas con discapacidade contratadas polo CEE que se xustifique nos informes de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (ldcpl-ccc) ao longo do período subvencionable (exercicio de 2025); a contía máxima subvencionable nestes casos será a indicada na fase de concesión.*

En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % do orzamento subvencionado:

- Aboarase a parte proporcional da subvención sempre e cando se manteñan contratadas as persoas con discapacidade do CEE que se tiveron en conta para adxudicar o importe da subvención.*
- Realizarase o axuste proporcional cando non sigan contratadas as persoas con discapacidade do CEE que se tiveron en conta para adxudicar o importe da subvención. Este axuste proporcional aplicárase atendendo á media de persoas con discapacidade contratadas polo CEE que se xustifique nos informes de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (ldcpl-ccc) ao longo do período subvencionable (exercicio de 2025); a contía máxima subvencionable nestes casos será a indicada na fase de concesión.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria.

A variación ou o incumprimento de condicións ou circunstancias avaliábles na concesión, que de coñecerse no momento da avaliación desen lugar a unha subvención inferior, supoñerá o axuste á baixa da subvención concedida, salvo nos supostos de variación substancial ou incumprimento da finalidade, nos que poderá producirse o inicio do procedemento de perda de dereito de cobro ou reintegro da subvención.



Vixésima. Incumprimentos, reintegros e réxime sancionador

Vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá o inicio do procedemento de perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e nas demais normas aplicables, así como as condicións que, no seu caso, se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar a deducións ou á súa cancelación e á obriga, no seu caso, de reintegrar a achega económica, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

En caso de incumprimento parcial das obrigas minorarase a contía da subvención, segundo o establecido no artigo 28 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

No referente ás infraccións e sancións administrativas aplicarase o previsto nos artigos 52 e seguintes da LXS, así como no artigo 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo primeira. Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. De xeito supletorio, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e a súa modificación, nas Bases de execución do Orzamento vixente da institución provincial e na demais normativa de pertinente aplicación.

Así mesmo, rexeranse pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Vixésimo segunda. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP) ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, segundo o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as entidades interesadas declaren na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

Ademais, os datos persoais obtidos poderán ser obxecto de inclusión nunha base de datos coa finalidade de recibir información do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra relativa á proposición de perfís profesionais que puidesen ser de interese polo ámbito de actuación das entidades solicitantes.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento comunicaránse ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas ou entidades interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”



11.35341.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO
SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA
MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9701 BAIÓN-ANDRÁS, DO P.Q. 0+000 AO
P.Q. 0+560 (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)”
(EXPTE.2025019176)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.-Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión – András, do pq. 0+000 ao pq. 0+560*”, no termo municipal de Vilanova de Arousa.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9701 Baión – András, que transcorre polo Concello de Vilanova de Arousa.

Resultando.- Que as obras a executar consisten na construción dunha senda peonil de formigón coloreado pola marxe esquerda da antedita estrada provincial entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+500, punto onde se inicia o núcleo de poboación de Abelleira, creando desta forma un novo espazo peonil seguro e continuo que permita conectar as beirarrúas da PO-531 cos núcleos de poboación e os equipamentos públicos existentes no ámbito de actuación.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de xullo de 2024 aprobou o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión – András, do pq. 0+000 ao pq. 0+560*”. Con data 31 de xullo de 2024 formalizouse o devandito Convenio coa sinatura das partes intervinientes.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro D. José P. Gosende Tuñas, adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L., o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)*” cun orzamento base de licitación de 961.940,85 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: H60TG02QMHJLPPLA.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse documentos RC nº12025000005486, por importe de 769.552,68 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02.2023 e RC nº12025000005298, por importe de 193.388,17 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02.2024 do vixente orzamento provincial certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 8SLH2YIPVO67KU9B autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, de data 20/06/2024 para a execución das obras contempladas no proxecto “*“Mellora da mobilidade peonil na EP-9701 Baión-András, do p.k. 0+000 a 0+560, concello Vilanova de Arousa”, na estrada PO-308, entre os puntos quilométricos 0 a 0+560, na marxe esquerda, no concello de Vilanova de Arousa.*” Recolle a autorización que as obras deberán estar rematadas no prazo de un ano a partir do día seguinte á notificación da autorización.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 27/09/2024 acordou aprobar o proxecto conxectivo “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9701 Baión-András, do pq 0+000 ao pq 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)*” cun orzamento de 961.940,85 € IVE Incluído. Consta no expediente con CSV: 04GMKZ45YJD4ZNP, dilixencia de aprobación definitiva do proxecto.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora peonil e drenaxe na EP-9702 As Sinas-Vilanova de Arousa. Concello de Vilanova de Arousa*”.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo (CSV: 6ZMZKMEWWY8I6Y97) e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación (CSV: OWAAM473ROHPSZLN), no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 3RVYXJG5AHHLRW2O, informe do Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra, onde se recolle o seguinte: “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Para a execución das obras debe contarse coa autorización sectorial da AXI en vigor...*”



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: U5753Z7LV920GXPM informe da Intervención no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.*

CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, considérase necesaria a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)”* cun orzamento base de licitación de 961.940,85 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	794.992,44 €
IVE (21%).....	166.948,41 €
Importe Total.....	961.940,85 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): NAPX0LR64LX2QNZS, e de prescricións técnicas con código (CSV) H60TG02QMHLPLA, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 961.940,85 €, con cargo as aplicacións orzamentarias 25/456.4530.612.02.2023 e 25/456.4530.612.02.2024 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

12.35342.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5005 DENDE O P.Q. 11+980 AO P.Q. 12+550 (CONCELLO DE CRECENTE)”(EXPT.2024057098)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.



Resultando.- Que a Corporación provincial, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 5005 A Cañiza-Pousa (PO-400), que transcorre polos Concellos da Cañiza e Crecente, e ten unha lonxitude total de 13.204 metros. Está categorizada como rede complementaria no catálogo de estradas provinciais.

Resultando.- Que a E.P. 5005, que conecta o centro da Cañiza con Crecente, é de dobre sentido de circulación e sección variable. A zona de actuación abrangue dende o P.Q. 11+980 ata o P.Q. 12+550, treito no que é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para mellorar a mobilidade peonil, de xeito que se xere un itinerario peonil seguro que comunique o núcleo de Crecente co entorno do núcleo da Ponte Ribadil e a residencia de mulleres con discapacidade.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 9 de agosto de 2024 aprobou o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Crecente para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550*”. Con data 19 de agosto de 2024 formalizouse o devandito convenio coa sinatura das partes intervinientes.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Don Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro adscrito á empresa Estadio Técnico Gallego, S.A., o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)*”, cun orzamento base de licitación de 243.983,28 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: EK8O6MESER6RXTBR.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar os trámites para a adxudicación do proxecto de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)*”



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: EUNK3TB7X1ADJT5S, informe emitido pola Intervención, no que se recolle que nas aplicacións 2025/456.4530.612.02.2023 e 2025/456.4530.612.02.2024 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiron os documentos N°. 202500006041 e N°. 202500007313 por importes de 195.186,70 € e 48.796,68 € respectivamente.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 27/12/2024 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q.11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)” redactado por Don Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro adscrito á empresa Estadio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 243.983,28€ IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: EK8O6MESER6RXTBR.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 07/02/2025 aprobou expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 19 de febreiro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 13/03/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)”

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 28 de abril de 2025,emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	12,00	2,00	14,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00	3,00	21,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	1,00	15,00
HORDESCON, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00

Resultando.-. Que a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 02/05/2025 acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)”, en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 28 de abril de 2025.

Resultando.- Que na mesma reunión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, deste procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	185.064,42 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	198.574,24 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	190.629,66 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMIC A	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE- EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	183.390,81 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	196.315,88 €	1,00%	12 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	183.915,07 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara ás condicións da mesma , en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que finalizado o prazo, non consta que EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L. presentara documentación algunha para xustificar á súa oferta, polo que non debe de ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 22/05/2025, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	27,09	5,00	5,00	5,00	42,09
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	5,22	5,00	5,00	5,00	20,22
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,71	5,00	5,00	5,00	33,71
HORDESCON, S.L.	9,07	0,00	0,00	5,00	14,07
NAROM, S.L.	28,82	5,00	5,00	5,00	43,82



Resultando.- Que posteriormente, en virtude das puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acordou aprobar simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	62,82
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	56,09
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	54,71
4	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	43,22
5	HORDESCON, S.L.	32,07

Resultando.- Que de acordo coa clasificación aprobada a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)” á empresa NAROM, S.L. (CIF B36163418), por un importe de 222.537,24€ IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa NAROM, S.L. (CIF B36163418), figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida NAROM, S.L, para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 9.195,75 €, segundo queda acreditado en carta de pago de data 03/06/2025 con número de operación 12025000106081.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta o Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa *EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.*, pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa NAROM, S.L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)”, por un importe de 222.537,24 €, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	183.915,07 €
IVE (21%)	38.622,17 €
Importe Total.....	222.537,24 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 25/456.4530.612.02.2023 e 25/456.4530.612.02.2024 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024057098.



3. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

13.35343.- INCAUTACIÓN DE GARANTÍA A EMPRESA, MONCOSA OHS, S.A. POLA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA) (EXPT.E.2025013573)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, de acordo co Consello Consultivo, resolveu o contrato de Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga), subscrito con MONCOSA OHS, S.A (CIF: A15050958), ao abeiro da causa de resolución establecida no artigo 211.1. letra f) da LCSP.

Dita causa motivouse nos feitos postos de manifesto nas actas de recepción, de datas 21/5/24 (CSV:ZCTDXETPMAZAILDP) e 30/7/24 (CSV: RR08QMGZ4TOG7QYJ); e nos informes do director de obra, de data 14/5/24 (CSV:A1LZSRKOKI71819H); data 22/5/24 (CSV: 61ZJPD282VN12506); data 1/8/24 (CSV: ZACSJXDMEQ9KAZLJ);e data 18/9/24 (CSV: 8VXHLOR4ZNNBUO61).

Na mesma sesión, a Xunta de Goberno, iniciou os procedementos de incautación de garantía e declaración de prohibición de contratar a MONCOSA, concedéndolle audiencia á contratista e á avalista Caixa Rural Galega Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega (CIF: F27005164).

Visto que no trámite de audiencia, MONCOSA presenta escrito de alegacións (Rexistro entrada WEB2025017904, de 14/03/2025), no que manifesta o seguinte:

“Primeira.- En relación coa incautación da garantía. Nulidade do presente procedemento por nulidade do procedemento de resolución do contrato.

(...) Como consecuencia de ese vicio de nulidade no procedemento de resolución do contrato, por haberse omitido o trámite preceptivo de audiencia á avalista na súa condición de interesado, dito vicio de nulidade alcanza necesariamente a este procedemento, que deriva directamente do anterior, polo que non procede a incautación da garantía pretendida.”

“Segunda.- En relación coa incautación da garantía. Improcedencia material da súa incautación. Os defectos de execución da obra non constitúen causa para resolver o contrato.

(...) Á vista do exposto, cabe indicar que MONCOSA OHS S.A. non incumpriu ningunha das obrigacións cualificadas como esenciais no Prego de Contratación, nin tampouco incumpriu a prestación principal do contrato, tendo en conta que a obra executouse na súa totalidade.

As deficiencias existentes en ningún caso poden ser consideradas como causa suficiente para motivar a resolución do contrato; deficiencias polas que a propia Administración xa sancionou á contratista cunha cualificación de: “falta leve” e polas que se lle impuxo unha sanción de 976,46 euros, sen apreciar na súa comisión culpabilidade ou intencionalidade por parte da contratista na súa realización nin tampouco considerar graves os danos ou prexuízos ocasionados.

Polo tanto, non existindo incumprimento culpable por parte da contratista que poda dar lugar á resolución do contrato nos termos expostos, tampouco procede a incautación da garantía, de conformidade co disposto no artigo 213.3 LCSP.”



Visto que a avalista Caixa Rural Galega Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega non presenta alegación ningunha.

De conformidade co informe do xefe do servizo de Contratación, Informe e Patrimonio, de data 7 de maio de 2025 (CSV: 7P3WYVX5ZZ5VGQVU), segundo o cal procedería desestimar as alegacións formuladas pola empresa, en base aos seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

“Primeiro: Respecto á alegación “Primeira.- En relación coa incautación da garantía. Nulidade do presente procedemento por nulidade do procedemento de resolución do contrato”, na que Moncosa afirma que o procedemento de incautación de garantía é nulo porque non se concedeu trámite de audiencia á avalista no procedemento de resolución do contrato do que deriva, comprese sinalar o seguinte:

O artigo 213.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), establece que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perxuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

A incautación da garantía, segundo o artigo 109 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, requirirá audiencia do avalista ou asegurador.

Conforme a estes preceptos, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, acorda resolver o contrato de “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, subscrito con Moncosa, e, acto seguido, iniciar o procedemento de incautación da garantía, concedéndolle trámite de audiencia a Moncosa e a Caixa Rural Galega Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega, como entidade avalista.

Non se entende a alegación da contratista neste punto, xa que a Administración atende puntualmente os referidos preceptos, procedendo a iniciar o procedemento de incautación de garantía no momento exacto que marca a Lei, isto é, cando se acorda a resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista, e non antes. Momento no que se concede o referido trámite de audiencia á contratista e á avalista.

Segundo: Respecto á alegación “Segunda.- En relación coa incautación da garantía. Improcedencia material da súa incautación. Os defectos de execución da obra non constitúen causa para resolver o contrato”, comprese sinalar que sobre o incumprimento de Moncosa xa pronunciouse oportunamente o órgano de contratación no correspondente procedemento, que culminou, de acordo co ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, na resolución do contrato.

De conformidade cos artigos 39 e 98.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra cousa. Polo tanto, non procede neste procedemento de incautación de garantía pronunciarse sobre a validez ou non de dito acto de resolución, e dos seus correlativos efectos, sen perxuízo do que se poda dirimir sobre o mesmo en vía administrativa ou contenciosa.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, considérase que procede desestimar as alegacións de Moncosa, por carecer manifestamente de fundamento, dado que, por un lado, no procedemento de incautación de garantía observouse o preceptivo trámite de audiencia á entidade avalista, e por outro, non procede baleirar de efectos o acto administrativo de resolución do contrato sen que a nulidade do mesmo sexa declarada previamente en vía administrativa ou contenciosa.”



Tendo en conta que, segundo o artigo 213.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando o contrato resolvase por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

Tendo en conta que a Secretaría Xeral, con data 29 de maio de 2025, presta conformidade ao informe do servizo de Contratación.

Tendo en conta a dilixencia de conformidade da Intervención, de data 3 de xuño de 2025.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar as alegacións formuladas por *Moncosa Obs, S.A* (CIF A15050958) respecto á incautación da garantía, contra o acordo da Xunta de Goberno número 30.33779, de 14 de febreiro de 2025, de inicio dos procedementos de incautación de garantía e prohibición de contratar, e concesión de trámite de audiencia a Moncosa OHS, S.A. e a Caixa Rural Galega Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega, pola resolución do contrato de Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga).
2. Incautar a garantía definitiva de 11.114,61 euros, constituída por *Moncosa Obs, S.A* no contrato de Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga), ao abeiro do artigo 213.3 da LCSP.
Dita garantía figura constituída na Tesourería da Deputación de Pontevedra, co número de operación 202300096379, de 10/05/2023, mediante aval da Caixa Rural Galega Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega (CIF: F27005164).
3. Requirir a *Caixa Rural Galega Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega* para que, no prazo de quince días hábiles, contados desde a notificación deste acordo, proceda ao ingreso na Tesourería desta Deputación do importe de 11.114,61 euros, correspondente á garantía constituída mediante aval núm. de operación 202300096379, advertíndolle que, noutro caso, procederase ao seu cobro mediante o procedemento de apremio.



14.35344.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2025038767 E 2025040359)

a) Vista a relación de operacións con número 2025038767 (CSV: POLJ5L9RD7YSJCXV), que contén 5 operacións por un importe de 18.769,91 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	18.769,91€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	18.769,91€

b) Vista a relación de operacións con número 2025040359 (CSV: OBOF0XRGUZ7Y1ZYY), que contén 2 operacións por un importe de 688,04 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	688,04€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	688,04€

15.35345.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTES. 2025039582 E 2025041020)

a) Vista a relación de operacións con número 2025039582 (CSV: PXU3EFQM23097F50), que contén 1 operación por un importe de 17.968,50 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	17.968,50 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	17.968,50 €



b) Vista a relación de operacións con número 2025041020 (CSV: OUO3TCR02HZEWGTI), que contén 1 operación por un importe de 458,08 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	458,08 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	458,08 €

16.35346.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) (EXPTE.2025006123)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 21 de febreiro de 2025, punto núm. 3.33806, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

No caso do Concello de Caldas de Reis, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE CALDAS DE REIS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	2 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza, 1 oficial de 1ª albanel, 1 condutor/a maquinista e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses	155.944,53 €	152.229,33 €	3.725,50 €	152.219,03 €



O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025036860, do 15/05/2025, solicita reformular a solicitude inicial como consecuencia de non poder levar a cabo a contratación do posto de condutor/a maquinista ante a imposibilidade de atopar candidatos/as para realizar o proceso selectivo. No seu lugar, solicita a contratación de 2 peóns de limpeza por un período de 5 meses cada un.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de non poder levar a cabo a contratación do/a condutor/a maquinista por non atopar candidatos/as para levar a cabo o proceso selectivo e solicitar no seu lugar a contratación de 2 peóns de limpeza, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE CALDAS DE REIS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	2 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza, 1 oficial de 1ª albanel e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses e 2 peóns de limpeza en xornada de 30h./sem. durante 5 meses	154.018,17 €	150.337,92 €	3.680,25 €	150.337,92 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 21 de febreiro de 2025, punto núm. 3.33806, no referente á subvención concedida ó Concello de Caldas de Reis, CIF núm. P3605000G, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Caldas de Reis (P3605000G)	8	2 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza, 1 oficial de 1ª albanel e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses e 2 peóns de limpeza en xornada de 30h./sem. durante 5 meses	150.337,92 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 6TEECDE9XZR1C7NI) e da dilixencia de Intervención (CSV: NFGGHD9R9IKDYO6F) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 21 de febreiro de 2025, punto núm. 3.33806, no referente á subvención concedida ó Concello de Caldas de Reis, CIF núm. P3605000G, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Caldas de Reis (P3605000G)	8	2 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza, 1 oficial de 1ª albanel e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses e 2 peóns de limpeza en xornada de 30h./sem. durante 5 meses	150.337,92 €



2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

17.35347.- CONFORMIDADE DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “AMPLIACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DO PAVILLÓN MUNICIPAL” DO CONCELLO DE O PORRIÑO, INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (EXPTE.2024019585)

ANTECEDENTES

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.
- O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2023.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrência non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello do Porriño o importe que lle corresponde é de 120.974,93 €.
- Mediante o acordo núm. 14.33949 de 21/06/2024 da Xunta de Goberno da Corporación Provincial concedeuse unha subvención por importe de 120.974,93€ ao Concello do Porriño, con destino ao financiamento do investimento denominado “Ampliación e mellora de accesibilidade do Pavillón Municipal”, cun orzamento de 157.086,58 € e unha achega municipal de 36.111,65 €.
- Na data 27/05/2025 o Concello do Porriño presenta unha solicitude (núm. rexistro WEB2025040583) de modificación do proxecto do citado investimento, no que se mantén o orzamento orixinal de 157.086,58 €, por tanto, non varía o importe de adxudicación do investimento.
- O novo proxecto conta co informe de supervisión favorable do xefe dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 28/05/2025 (CSV: Z05K1KZPB8AVRWSV).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 24ª do PEID.
- O 29/05/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de modificación do proxecto (CSV: NJR57XFI3LHNGGIP) e o 03/06/2025 a Intervención provincial informa favorablemente (CSV: AUW6SNO719FY93VZ).



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 24ª do PEID, relativa á modificación de proxectos e excesos de medición.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.



CONCLUSIÓNS

Visto que o concello do Porriño presentou en prazo e forma a documentación necesaria para prestar a conformidade ao proxecto modificado do investimento denominado “Ampliación e mellora de accesibilidade do Pavillón Municipal”, ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de dar resposta a imprevistos xurdidos durante a execución das obras.

Visto que o proxecto modificado non incrementa o orzamento de execución e non altera nin a finalidade nin o obxecto da subvención; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/05/2025.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar a conformidade ao proxecto técnico modificado da actuación denominada “*Ampliación e mellora de accesibilidade do Pavillón Municipal*” presentado polo Concello do Porriño ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento a prezo de adxudicación de 156.985,40€.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello do Porriño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

18.35348.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ASOC. COTO MANGUELO PARA A “LIÑA 1: XVI MOSTRA DE TEATRO AFEICIONADO COTO MANGUELO” DO CONCELLO DE A ESTRADA APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 11/10/2024 (EXPTE.2024045981)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 21 de maio de 2024, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2024” (Acordo núm. 2.33790) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102 de 27 de maio de 2024.

Segundo.- En data 27 de xuño de 2024, Icíá Diéguez Rey, en representación da ASOC COTO MANGUELO (NIF: G36451730) presenta solicitude para “Liña 1: XVI Mostra de teatro aficionado Coto Manguelo”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 5.012,43 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 11 de outubro de 2024, (Acordo núm. 3.34250) acordou concederlle á ASOC COTO MANGUELO, do concello da Estrada (NIF:G36451730) unha subvención de 3.750 € para a “Liña 1: XVI Mostra de teatro aficionado Coto Manguelo” con cargo á aplicación orzamentaria 24/.330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.



Cuarto.- Con data 09 de abril de 2025 e número de rexistro WEB2025027149, a ASOC COTO MANGUELO da Estrada, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non presentar a tempo a debida xustificación de gastos e facturas polas que foi concedida a subvención.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 28 de maio de 2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC COTO MANGUELO (NIF: G36451730) documento con CSV: IULQEZG9NKX7YTDH

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asoc Coto Manguelo* (NIF:G36451730) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.333,45 €€ para a realización da actividade do “Liña 1: XVI Mostra de teatro aficionado Coto Manguelo” (documento co CSV:690FI2HKGV97YOR7).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

19.35349.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CASINO DE VILASOBROSO PARA A “LIÑA 1: CELEBRACIÓN CENTENARIO CASINO DE VILASOBROSO” DO CONCELLO DE MONDARIZ APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 11/10/2024 (EXPTE.2024046079)

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 21 de maio de 2024, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2024” (Acordo núm. 2.33790) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102 de 27 de maio de 2024.

Segundo.- En data 27 de xuño de 2024, Francisco Rico Carvalho, en representación do CASINO DE VILLASOBROSO (NIF: G36057347) presenta solicitude para “Liña 1: Celebración centenario do casino de Vilasobroso”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.046,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 11 de outubro de 2024, (Acordo núm. 3.34250) acordou concederlle ao CASINO DE VILLASOBROSO, do concello de Mondariz (NIF:G36057347) unha subvención de 851,14 € para “Liña 1: Celebración centenario do casino de Vilasobroso” con cargo á aplicación orzamentaria 24/.330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.



Cuarto.- Con data 06 de maio de 2025 e número de rexistro WEB2025033667, o CASINO DE VILLASOBROSO de Mondariz, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por dificultades na xustificación da subvención.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 02 de Xuño de 2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada polo CASINO DE VILLASOBROSO (NIF: G36057347) documento con CSV: L7OMVSP6D1HLOUKH.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Casino De Villasobroso* (NIF:G36057347) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 851,14€ para a realización da actividade da “*Liña 1: Celebración centenario do casino de Vilasobroso*” (documento co CSV:XWBEZX5SDIJ6JO0X).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

20.35350.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORCAREI, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA DAS DÚAS IGREXAS (ACHEGA AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA- PLAN EXTRA)” (EXPTE.2025019149)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 07/03/2025, o Pleno da Deputación mediante acordo núm. 3.8370, concedeu ao Concello de Forcarei, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, unha subvención por importe de 500.000,00 euros co obxecto do financiamento da obra “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA DA DÚAS IGREXAS” (expdte 2024076711), con base en un orzamento que ascendía a 588.305,49 euros (561.009,49 euros de execución de obra e 27.296,00 euros de asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde), debendo achegar a entidade municipal 88.305,49 euros.
- En data 28/03/2025, mediante rexistro WEB2025023008, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do Concello de Forcarei na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 88.305,49 euros, co obxecto do financiamento da súa achega ao investimento “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA RÚA DAS DÚAS IGREXAS” (expdte 2025019149).
- Na mesma data, mediante rexistro WEB2025023120, o Concello de Forcarei solicita formalmente o financiamento dos honorarios pola redacción do proxecto do investimento proposto que ascenden a 18.100,00 euros, quedando configurado o financiamento da devandita obra tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2025- €	Plan Provincia extraordinaria-PLAN EXTRA	Fondos propios do Concello -€
2025	606.405,49	106.405,49	500.000,00	0,00

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27^a, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, na devandita base 1ª recóllese a posibilidade de financiar as achegas municipais a Plans, Programas, convenios da Deputación ou doutra Administración Pública cando se trate de investimentos de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no plan ou convenio se axusten aos contemplados no Plan + Provincia 2025.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/05/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Forcarei*, CIF: P3601800J, unha subvención por importe de 106.405,49 euros, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, co obxecto do financiamento da achega municipal ao investimento “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL RÚA DAS DÚAS IGREXAS (ACHEGA AO PLAN EXTRA)” (exp: 2025019149), cuxo orzamento ascende a 606.405,49 euros (561.009,49 euros de execución de obra, 27.296,00 de asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde e 18.100,00 euros de honorarios de redacción do proxecto). O Concello de Forcarei conta cunha subvención por importe de 500.000,00 euros concedida no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra (expdte 2024076711). Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación da axuda económica, a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Dirección Xeral de Patrimonio).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 2.8272 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 206 de 22/10/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme ao disposto no acordo do Pleno núm. 3.8370, de 7/03/2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/10/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Forcarei*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



21.35351.- REPARTO DE AXUDAS A CONFRARÍAS DE PESCADORES, FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO 2025 (EXPTE.2025003042 E 2025003039)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 7 de marzo de 2025, número de acordo 2.34881, aprobou as Bases Reguladoras das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra, cun orzamento total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00€), e foron publicadas no BOPPO número 49 do 13 de marzo de 2025 distribuídas da seguinte maneira:

Programa	Aplicación	Importe
Investimentos	25/410.4150.789.02	150.000,00€
Gastos correntes	25/410.4150.489.01	200.000,00€

A base reguladora décimo terceira indica que correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente a instrución do procedemento, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función de que o gasto das solicitudes seá subvencionable, previa fiscalización do Servizo de Intervención, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente.

Unha vez finalizado o prazo de solicitudes, e de acordo con estas bases, con código seguro de verificación (CSV): VBGA41MZ4N5VQT02, formuláronse un total de trinta e sete (37) solicitudes das cales vinte e dúas (22) corresponden a “Gastos correntes” e quince (15) a “Investimentos”.

De acordo cos criterios de valoración establecidos na base *décimo segunda*, procedeuse a valorar todas as solicitudes, tendo en conta os límites sinalados na mesma base.

Unha vez feita a valoración e aplicado o algoritmo da plataforma de subvencións facilitado polo Servizo de Novas Tecnoloxías, obtéñense unhas propostas de reparto que quedan tal e como figura nos listados que se xuntan a este informe, e que figuran co CSV: BS6CE8YMLRTMVOTO para inversións e co CSV: BVATIFBANMH6A6WV para gastos correntes.

O importe a repartir é de douscentos mil euros (200.000,00€,) en gastos correntes con cargo á aplicación orzamentaria 25/410.4150.489.01 e de cento un mil catrocentos trinta e cinco euros con sesenta e sete céntimos (101.435,67 €) en investimentos con cargo á aplicación 25/410.4150.789.02, que fan un total de 301.435,67 €.



Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 26/05/2025, de Intervención do 27/05/2025, a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras do ano 2025 para investimentos e gastos correntes, do xeito seguinte:

1. Por importe de cento un mil catrocentos trinta e cinco euros con sesenta e sete céntimos (101.435,67€), no caso de inversións, con cargo á aplicación 25/410.4150.789.02 e de
2. Douscentos mil euros (200.000,00€,) no caso de gastos correntes, con cargo á aplicación orzamentaria 25/410.4150.489.01, do vixente Orzamento Provincial.

Ditas cantidades resultan das relacións que se achegan na proposta de acordo que son as seguintes:
Para inversións



Denominación: **INVERSIÓNS PARA CONFRARÍAS DE PESCADORAS E PESCADORES, E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS (C7)**
Referencia: **MN_B_7/25**
Relación: **RELAC/2025000020 DE DATA 22/05/2025**
Importe relación: **150.000,00 €**
Importe concedido: **101.435,67 €**
Expedientes relación: **15**
Finanzamento:

Aplicación	Descrición	Importe
25/410.4150.789.02	TRANSFERENCIAS A CONFRARÍAS E OUTRAS	150.000,00 €



INVERSIONES PARA COFRADÍAS DE PESCADORAS Y PESCADORES, Y AGRUPACIONES DE MARISCADORAS (C7)

RELAC/2025000020 DE DATA 22/05/2025

MN_B_7/25

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE BAIONA (PONTEVEDRA)					
(1) G36618510 COFRADIA DE PESCADORES LA ANUNCIADA BAIONA 2025017510 - Adquisición de furgoneta e material informático	34.533,31 €	20.000,00 €	20.000,00 €	55,00	57,92 % Concurrencia competitiva
TOTAL BAIONA (1)			20.000,00 €		
CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)					
(2) G36014389 COFRADIA DE PESCADORES SAN JOSE DE CANGAS 2025021072 - Adquisición de motor fueraboda, equipos informáticos e estadas para varadoiro	18.343,01 €	14.674,41 €	14.674,41 €	55,00	80,00 % Concurrencia competitiva
(3) G36007714 COFRADIA PESCADORES SAN CIPRIANO DE ALDAN HIO 2025023482 - Ordenador, ratos e outros	914,12 €	731,30 €	731,30 €	47,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL CANGAS (2)			15.405,71 €		
CONCELLO DE GROVE, O (PONTEVEDRA)					
(4) G36014744 COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE ELGROVE 2025021100 - Adquisición de equipos informáticos	8.269,17 €	6.615,34 €	6.615,34 €	63,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL GROVE, O (1)			6.615,34 €		
CONCELLO DE GUARDA, A (PONTEVEDRA)					
(5) G36014173 COFRADIA DE PESCADORES SANTA TECLA 2025023196 - Adquisición de furgoneta	17.256,20 €	13.804,96 €	13.804,96 €	78,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL GUARDA, A (1)			13.804,96 €		
CONCELLO DE ILLA DE AROUSA, A (PONTEVEDRA)					
(6) G36014124 COFRADIA DE PESCADORES SAN JULIAN ISLA DE AROSA DE VILLANUEVA 2025023595 - Ordenador, caixas varias, sillas e outros	5.687,96 €	4.550,37 €	4.550,37 €	65,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL ILLA DE AROUSA, A (1)			4.550,37 €		
CONCELLO DE MARÍN (PONTEVEDRA)					
(7) G36013688 COFRADIA DE PESCADORES SANTA MARIA DO PORTO DE MARIN 2025023491 - Formación técnica	1.000,00 €	800,00 €	800,00 €	25,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL MARÍN (1)			800,00 €		

22/05/2025 13:18:38
Páxina 1 de 3



CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE MOAÑA (PONTEVEDRA)					
(8) G36015212 COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE MOAÑA 2025015100 - Adquisición de equipos informáticos	4.425,00 €	3.540,00 €	3.540,00 €	78,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL MOAÑA (1)			3.540,00 €		
CONCELLO DE POIO (PONTEVEDRA)					
(9) G36020261 COFRADIA DE PESCADORES SAN GREGORIO DE RAXO 2025019086 - Adquisición de dron de vixilancia	7.741,00 €	6.192,80 €	6.192,80 €	58,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL POIO (1)			6.192,80 €		
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)					
(10) G36015253 COFRADIA PESCADORES SAN ANDRES DE LOURIZAN COPESALP 2025023729 - Equipos informáticos	3.868,20 €	3.094,56 €	3.094,56 €	38,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEVEDRA (1)			3.094,56 €		
CONCELLO DE REDONDELA (PONTEVEDRA)					
(11) F36010916 COFRADIA DE PESCADORES SAN JUAN 2025022508 - Adquisición de material informático e mobiliario	910,00 €	728,00 €	728,00 €	78,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL REDONDELA (1)			728,00 €		
CONCELLO DE SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)					
(12) V36621282 FEDERACION PROVINCIAL DE COFRADIAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA 2025023512 - Equipos informáticos	3.089,00 €	2.471,20 €	2.471,20 €	85,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL SOUTOMAIOR (1)			2.471,20 €		
CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)					
(13) G36619252 COFRADIA DE PESCADORES SAN FRANCISCO DE VIGO 2025023594 - Material informático, muebles e outros	7.056,91 €	5.645,53 €	5.645,53 €	55,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL VIGO (1)			5.645,53 €		
CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)					
(14) G36293272 CONFRARIA DE PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA 2025022879 - Adquisición de material de vixilancia e mobiliario	2.834,00 €	2.267,20 €	2.267,20 €	68,00	80,00 % Concurrencia competitiva

22/05/2025 13:18:38
Páxina 2 de 3





INVERSIONES PARA COFRADÍAS DE PESCADORAS Y PESCADORES, Y AGRUPACIONES DE MARISCADORAS (C7)
RELAC/2025000020 DE DATA 22/05/2025
MN_B_7/25

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)					
TOTAL VILABOA (1)			2.267,20 €		
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)					
(15) G36012813 COFRADIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL 2025022616 - Adquisición de furgoneta	20.400,00 €	16.320,00 €	16.320,00 €	63,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL VILAGARCÍA DE AROUSA (1)			16.320,00 €		

Pontevedra, 22 de maio de 2025

O/A Xefela do Servizo

22/05/2025 13:18:38
Páxina 3 de 3

E para gastos correntes



Denominación: GASTOS CORRENTES PARA CONFRARÍAS DE PESCADORAS E PESCADORES, E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS
Referencia: MN_B_4/25
Relación: RELAC/2025000019 DE DATA 22/05/2025
Importe relación: 200.000,00 €
Importe concedido: 200.000,00 €
Expedientes relación: 22
Finanzamento:

Aplicación	Descripción	Importe
25/410.4150.489.01	TRANSFERENCIAS A CONFRARÍAS E OUTRAS	200.000,00 €



**GASTOS CORRENTES PARA CONFRARIAS DE PESCADORAS E PESCADORES, E AGRUPACIÓNS DE
MARISCADORAS**

RELAC/2025000019 DE DATA 22/05/2025

MN_B_4/25

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE BAIONA (PONTEVEDRA)					
(1) G36618510 COFRADIA DE PESCADORES LA ANUNCIADA BAIONA 2025016473 - Gastos de persoal	39.546,66 €	20.000,00 €	7.975,00 €	55,00	20,17 % Concurrencia competitiva
TOTAL BAIONA (1)			7.975,00 €		
CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)					
(2) G36013712 COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIÑO 2025019075 - Gasto de persoal, electricidade e caixas de porex	40.000,00 €	20.000,00 €	10.440,00 €	72,00	26,10 % Concurrencia competitiva
TOTAL BUEU (1)			10.440,00 €		
CONCELLO DE CAMBADOS (PONTEVEDRA)					
(3) G36012847 COFRADIA DE PESCADORES SAN ANTONIO DE CAMBADOS 2025022133 - Gastos de electricidade e combustible	40.000,00 €	20.000,00 €	9.135,00 €	63,00	22,84 % Concurrencia competitiva
TOTAL CAMBADOS (1)			9.135,00 €		
CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)					
(4) G36014389 COFRADIA DE PESCADORES SAN JOSE DE CANGAS 2025022190 - Gastos de persoal	26.973,84 €	20.000,00 €	7.975,00 €	55,00	29,57 % Concurrencia competitiva
(5) G36007714 COFRADIA PESCADORES SAN CIPRIANO DE ALDAN HIO 2025023502 - Gastos de persoal, electricidade e caixas e outros	26.011,76 €	20.000,00 €	9.715,00 €	67,00	37,35 % Concurrencia competitiva
TOTAL CANGAS (2)			17.690,00 €		
CONCELLO DE GROVE, O (PONTEVEDRA)					
(6) G36014744 COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE ELGROVE 2025021662 - Adquisición de semente	34.986,00 €	20.000,00 €	12.035,00 €	83,00	34,40 % Concurrencia competitiva
TOTAL GROVE, O (1)			12.035,00 €		
CONCELLO DE GUARDA, A (PONTEVEDRA)					
(7) G36014173 COFRADIA DE PESCADORES SANTA TECLA 2025022899 - Gastos de persoal, electricidade e combustible	40.000,00 €	20.000,00 €	11.310,00 €	78,00	28,28 % Concurrencia competitiva
TOTAL GUARDA, A (1)			11.310,00 €		

22/05/2025 13:14:17
Páxina 1 de 4



**GASTOS CORRENTES PARA CONFRARIAS DE PESCADORAS E PESCADORES, E AGRUPACIÓNS DE
MARISCADORAS**
RELAC/2025000019 DE DATA 22/05/2025
MN_B_4/25

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE ILLA DE AROUSA, A (PONTEVEDRA)					
(8) G36014124 COFRADIA DE PESCADORES SAN JULIAN ISLA DE AROSA DE VILLANUEVA 2025022525 - Adquisición de semente	14.000,00 €	11.200,00 €	11.200,00 €	85,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL ILLA DE AROUSA, A (1)			11.200,00 €		
CONCELLO DE MARÍN (PONTEVEDRA)					
(9) G36013688 COFRADIA DE PESCADORES SANTA MARIA DO PORTO DE MARIN 2025023443 - Gastos de persoal, equipos de traballo impermeables, electricidade e combustible	11.585,72 €	9.268,57 €	2.900,00 €	20,00	25,03 % Concurrencia competitiva
TOTAL MARÍN (1)			2.900,00 €		
CONCELLO DE MOAÑA (PONTEVEDRA)					
(10) G36015212 COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE MOAÑA 2025014956 - Gasto de persoal	35.951,96 €	20.000,00 €	10.875,00 €	75,00	30,25 % Concurrencia competitiva
TOTAL MOAÑA (1)			10.875,00 €		
CONCELLO DE POIO (PONTEVEDRA)					
(11) G36020261 COFRADIA DE PESCADORES SAN GREGORIO DE RAXO 2025018357 - Gasto de persoal, electricidade e combustible	14.324,92 €	11.459,94 €	8.410,00 €	58,00	58,71 % Concurrencia competitiva
TOTAL POIO (1)			8.410,00 €		
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)					
(12) V36016962 COFRADIA DE PESCADORES SAN TELMO DE PONTEVEDRA 2025022918 - Gastos de electricidade, combustible e asistencia contable, fiscal e organizativa	8.350,00 €	6.680,00 €	6.680,00 €	73,00	80,00 % Concurrencia competitiva
(13) G36015253 COFRADIA PESCADORES SAN ANDRES DE LOURIZAN COPESALP 2025023464 - Gastos de persoal, electricidade e combustible	27.995,75 €	20.000,00 €	8.410,00 €	58,00	30,04 % Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEVEDRA (2)			15.090,00 €		
CONCELLO DE REDONDELA (PONTEVEDRA)					
(14) F36010916 COFRADIA DE PESCADORES SAN JUAN 2025022194 - Gastos de persoal, caixas e sacos	40.000,00 €	20.000,00 €	11.310,00 €	78,00	28,28 % Concurrencia competitiva
TOTAL REDONDELA (1)			11.310,00 €		

22/05/2025 13:14:17
Páxina 2 de 4



MN_B_4/25

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE SANXENXO (PONTEVEDRA)					
(15) G36012839 COFRADIA DE PESCADORES SAN ROQUE DE PORTONOVO 2025023764 - Gastos de persoal e de electricidade	28.132,91 €	20.000,00 €	7.250,00 €	50,00	25,77 % Concurrencia competitiva
(16) G36017804 COFRADIA DE PESCADORES SANTA ROSALIA DE SANXENXO 2025019921 - Gastos de persoal	13.027,85 €	10.000,00 €	6.090,00 €	42,00	46,75 % Concurrencia competitiva
TOTAL SANXENXO (2)			13.340,00 €		
CONCELLO DE SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)					
(17) G36012821 COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL CARMEN 2025018574 - Gasto de persoal	37.246,96 €	20.000,00 €	8.410,00 €	58,00	22,58 % Concurrencia competitiva
TOTAL SOUTOMAIOR (1)			8.410,00 €		
CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)					
(18) G36619252 COFRADIA DE PESCADORES SAN FRANCISCO DE VIGO 2025022122 - Gasto de persoal	31.922,80 €	20.000,00 €	7.975,00 €	55,00	24,98 % Concurrencia competitiva
TOTAL VIGO (1)			7.975,00 €		
CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)					
(19) G36293272 CONFRARIA DE PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA 2025022825 - Gastos de persoal, malla e sacos	32.858,42 €	20.000,00 €	9.860,00 €	68,00	30,01 % Concurrencia competitiva
TOTAL VILABOA (1)			9.860,00 €		
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)					
(20) G36012813 COFRADIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL 2025022582 - Adquisición de semente	24.272,72 €	19.418,18 €	12.035,00 €	83,00	49,58 % Concurrencia competitiva
(21) G36012854 COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL ROSARIO VILAXOAN 2025019072 - Gasto de persoal	39.916,79 €	20.000,00 €	11.310,00 €	78,00	28,33 % Concurrencia competitiva
TOTAL VILAGARCÍA DE AROUSA (2)			23.345,00 €		
CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)					
(22) G36013597 COFRADIA DE PESCADORES LA PASTORIZA 2025023769 - Gastos de persoal	37.724,16 €	20.000,00 €	8.700,00 €	60,00	23,06 % Concurrencia competitiva

22/05/2025 13:14:17
Páxina 3 de 4

**GASTOS CORRENTES PARA CONFRARIAS DE PESCADORAS E PESCADORES, E AGRUPACIÓNS DE
MARISCADORAS**

RELAC/2025000019 DE DATA 22/05/2025
MN_B_4/25

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)					
TOTAL VILANOVA DE AROUSA (1)			8.700,00 €		
Pontevedra, 22 de maio de 2025					
O/A Xefe/a do Servizo					

22/05/2025 13:14:17
Páxina 4 de 4



22.35352.- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 30 DE MAIO DE 2025 (Nº38.35304), POLO QUE SE ADXUDICA O SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS 2025 (EXPTE.2024068089)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 30 de maio de 2025, adxudica mediante procedemento aberto o Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rias Baixas 2025 á empresa Avante evolución de medios S.L.U.

Advertido un erro no importe do prezo das accións e comunicación e promoción, debido a que non se tivo en conta que a empresa adxudicataria oferta un 0% nos custos das comisións das axencias sobre contratación de medios, o que supón un aforro no prezo das accións de comunicacións e promocións, de 10.617,40€.

Asimesmo, é necesario facer unha distribución dos importes da adxudicación entre as aplicacións orzamentarias 25/433.4320.226.02 “Publicidade, propaganda, turismo” e 25/433.4320.226.20 “Gastos de promoción, turismo rias baixas”, do vixente orzamento provincial.

Considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.-Rectificar o acordo da Xunta de goberno nº 38.35304 de data 30 de maio de 2025, no seguinte sentido:

“1.- Adxudicar o contrato para a prestación do Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rias Baixas 2025 á empresa Avante evolución de medios S.L.U. (B-70509971), polo importe total IVE engadido de 276.067,92 € e de acordo co seguinte:

1.- Precio para a xestión e coordinación:

Importe sen o IVE:	4.000,00 €
IVE (21%):	840,00 €
Importe total ofertado:	4.840,00 €



E de acordo co seguinte detalle:

- Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios off-line: 0%
- Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios on-line: 0%
- Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios mediante compra programática: 0%
- Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios mediante xestións pola Deputación de Pontevedra: 0%
- Comisión da axencia sobre custos de contratación externa: 0%.

2.- Precio das accións de comunicación e promoción:

	Importe sen IVE	Importe IVE engadido
Accións de comunicación e promoción	146.245,30€	176.956,81€
Accións específicas	77.910,00€	94.271,11€
Total	224.155,60€	271.227,92 €

O aforro polos custos por comisións de axencia de viaxe, ascende a cantidade de 10.617,40€.”

Permanecendo o resto do texto invariable.

Segundo.- Redistribuir o importe total da adxudicación da seguinte forma:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total co IVE
2025	25/433.4320.226.02	176.956,81€
2025	25/433.4320.226.02	4.840,00€
2025	25/433.4320.226.20	94.271,11€

23.35353.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR MONCOSA OHS, S.A. FRONTE AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 14 DE FEBREIRO 2025 (Nº 29.33778), DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA) (EXPTE.2022070641)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 19 de maio de 2023, adxudicou, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” á empresa Moncosa OHS, S.A.

O contrato adxudicouse polo prezo total de 268.973,62 euros, e prazo de execución de catro meses, contados desde a sinatura da acta de comprobación do replanteo, que se realizou o 29 de xuño de 2023.



Visto que, mediante acordos da Xunta de Goberno, de 10 de novembro de 2023 e de 16 de febreiro de 2024, concedeuse á empresa dúas ampliacións do prazo de execución, establecendo como data límite para finalizar a obra o 8 de marzo de 2024.

Visto que, con data 15 de marzo de 2023, o director da obra anotou no libro de ordes diversas instrucións para o contratista relativas á execución das unidades de obra que quedaban por executar.

En particular, se lle advertiu tanto verbalmente como por escrito que non se autorizaba o asfaltado da estrada no p.q. 0+530, mentres o contratista non rematase o muro da marxe esquerda a p.q.+ da ponte. Recolleuse tamén que o muro de contención do terraplén debería alcanzar a cota da zahorra, así como cal debía ser a súa lonxitude. Ademais, a zahorra debería alcanzar resultados favorables nas placas de carga previo ao asfaltado, advertindo de que de rematar a obra sen atender ás instrución da Dirección de obra, a acta de recepción sería desfavorable.

Recordouse tamén que a obra atopábase fora do prazo de execución, conlevando a demora na execución por causa imputable ao contratista, a imposición das respectivas penalidades establecidas na normativa de contratación.

Segundo consta no libro de ordes, o contratista, con data 25 de marzo de 2024, procedeu ao asfaltado da estrada na zona da ponte do p.q. 0+530, incumprindo a prohibición expresa de facelo dada pola dirección de obra en reiteradas ocasións, tanto por escrito coma verbalmente. Asemade, no momento en que se asfaltou a estrada, o muro seguía sen estar rematado, e a zahorra seguía sen cumprir os valores mínimos, polo que se lle du a instrución de retirar o aglomerado estendido, substituír a zahorra por unha máis amplía e terminar o muro de contención segundo o indicado na folla nº1 do libro de ordes.

Visto que, en resposta ás incidencias e incumprimentos postas de manifesto tanto nas actas de recepción, de 21 de maio e 30 de xullo de 2024 (CSV: ZCTDXETPMAZAILDP e RR08QMGZ4TOG7QYJ), como nos informes do director de obra, de 14 e 22 de maio, 1 de agosto e 18 de setembro de 2024 (CSV: A1LZSRKOKI71819H, 61ZJPD282VN12506, ZACSJXDMEQ9KAZLJ e 8VXHLOR4ZNNBUO61), a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2024, iniciou o procedemento para a resolución do contrato, concedéndolle audiencia.

Visto que, consideradas as alegacións da empresa, e os informes do responsable do contrato (CSV: JPH8GQX5O5P9SIUO) e do xefe servizo de Contratación (N9BF7SI4FCQQ8Y9H), a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2024, acorda elevar proposta de resolución do contrato ao Consello Consultivo de Galicia.

Completado o expediente, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, desestima as alegacións formuladas por Moncosa OHS, S.A., e, de acordo co Consello Consultivo de Galicia (Ditame 423/2024, de 5 de febreiro de 2025), resolve o contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, ao abeiro dos artigos 243.3 e 211.1 f) da LCSP.



Visto que, con data 14 de marzo de 2025, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación (Rexistro entrada WEB2025017900) recurso de reposición interposto por Moncosa OHS, S.A. fronte ao acordo da Xunta de Goberno de 5 de decembro de 2024.

De conformidade co informe do xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 9 de xuño de 2025 (CSV: RQK3KUWEP9M3CCK3) que, co visto e prace da Secretaría Xeral, considera que procede desestimar o recurso interposto pola empresa, en base aos seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

“Primeiro: Segundo o artigo 123.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), os actos ditados no presente procedemento poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

O recurso interpúxose fronte o acordo da Xunta de Goberno do día 5 de decembro de 2024, que aproba proposta de resolución contractual a efectos de solicitar o preceptivo ditame ao Consello Consultivo de Galicia. Dito acordo de trámite non é recorrible, amais de haber transcorrido o prazo dun mes de interposición de recurso. No en tanto, considérase un erro por parte da empresa contratista, entendendo que o recurso se interpón fronte o acordo da Xunta de Goberno núm. 29.33778, de 14 de febreiro de 2025, de resolución do contrato.

Baixo esta premisa, o recurso foi interposto dentro do prazo legalmente establecido no artigo 124.1 LPAC.

Segundo: A empresa Moncosa OHS, S.A. está lexitimada para a interposición do recurso, ao ostentar a condición de interesada no contrato na súa condición de empresa contratista.

Terceiro: O artigo 119.1 LPAC establece que: “...a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimarás as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a inadmisión...”.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución deste recurso é dun mes. Transcorrido dito prazo, de conformidade co artigo 24 LPAC, o efecto do silencio entenderase desestimatorio, sen prexuízo de que a resolución expresa posterior adoptárase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.

Cuarto: Respecto ao contido do recurso, respecto ao motivo “Primeiro.- Nulidade de pleno dereito do acto administrativo recorrido”, na que Moncosa afirma que o procedemento de resolución do contrato é nulo porque non se concedeu trámite de audiencia á avalista, compre sinalar o seguinte:

O artigo 213.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), establece que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

A incautación da garantía, segundo o artigo 109 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, requirirá audiencia do avalista ou asegurador.

Conforme a estes preceptos, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, acorda resolver o contrato de “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, subscrito con Moncosa, e, acto seguido, iniciar o procedemento de incautación da garantía, concedéndolle trámite de audiencia a Moncosa e a Caixa Rural Galega Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega, como entidade avalista.

Non se entende a alegación da contratista neste punto, xa que a Administración atende puntualmente os referidos preceptos, procedendo a iniciar o procedemento de incautación de garantía no momento exacto que marca a Lei, isto é, cando se acorda a resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista, e non antes. Momento no que se concede o referido trámite de audiencia á contratista e á avalista.



Quinto: Respecto ao motivo “Segundo.- Improcedencia da resolución do contrato”, no que o contratista afirma que non incumpriu ningunha das obrigacións cualificadas como esenciais no prego de contratación, nin tampouco incumpriu a prestación principal do contrato, toda vez que a obra executouse na súa totalidade, compre sinalar que sobre o incumprimento de Mocosa xa pronunciouse oportunamente o órgano de contratación no correspondente procedemento, que culminou, de acordo co ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, na resolución do contrato.

O incumprimento da empresa quedou sobradamente retallado e xustificado tanto no libro de ordes, como nas actas de recepción, de 21 de maio e 30 de xullo de 2024 (CSV: ZCTDXETPM AZAILDP e RR08QMGZ4TOG7QYJ) e nos informes do director de obra, de 14 e 22 de maio, 1 de agosto e 18 de setembro de 2024 (CSV: A1LZSRKOKI71819H, 61ZJPD282VN12506, ZACSJXDMEQ9KAZLJ e 8VXHLOR4ZNNBUO61), que constan no expediente.

As consecuencias de dito incumprimento, que culminou coa resolución do contrato, quedaron xustificadas no informe do xefe do servizo de Contratación, de 28 de outubro de 2024 (CSV: 6HLORBMOSJ1IK8FM), que cita numerosas resolucións de tribunais contractuais, sentenzas e ditames do CCG, ao cal nos remitimos.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, considérase que procede desestimar o recurso interposto por Moncosa fronte a resolución do contrato de “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, dado que, por un lado, no procedemento de resolución do contrato observouse o preceptivo trámite de audiencia á entidade avalista respecto á incautación da garantía, e por outro, considerase amplamente acreditado o seu incumprimento respecto a obrigación principal.

O contrato de obras configúrase como un contrato de resultado, debendo o contratista finalizar as obras a satisfacción da Administración, axustándose ás especificacións técnicas previamente establecidas no proxecto e das que foi coñecedor o contratista na licitación. A pesar das numerosas instrucións dadas polo Director de obra, e do prazo extraordinario concedido na recepción de obra, o contratista non mostrou vontade de corrección das unidades que non cumprían cos mínimos de calidade esixidos polas normas, polo que se considera xustificada a resolución do contrato.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Desestimar o recurso de reposición interposto pola empresa *Moncosa OHS, S.A.* fronte o acordo da Xunta de Goberno núm. 29.33778, de 14 de febreiro de 2025, de resolución do contrato de “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”.



24.35354.-

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN, POLAS MODIFICACIÓN DO DESGLOSE DO IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO DAS DISTINTAS CATEGORÍAS DE GASTOS DO PROXECTO “MEJORA PATRIMONIAL DEL CASTILLO DE SOUTOMAIOR A TRAVÉS DE LA ILUMINACIÓN, LA ACCESIBILIDAD Y TECNOLOGÍA DE REALIDAD VIRTUAL” PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O PROGRAMA “MEJORA DE LA COMPETITIVIDAD Y DE DINAMIZACIÓN DEL PATRIMONIO HISTÓRICO CON USO TURÍSTICO” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (EXPTE.2023029628)

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – Tras a declaración por parte da Organización Mundial da Saúde da pandemia internacional provocada pola COVID-19 o 11 de marzo de 2020, os países da Unión Europea adoptaron unha serie de medidas coordinadas de emerxencia para protexer a saúde da cidadanía e evitar o colapso da economía. Estas medidas tiveron un drástico impacto económico e social no conxunto dos países da Unión Europea, influíndo directamente na actividade comercial das súas vilas e cidades. O Consello Europeo do 21 de xullo de 2020, consciente da profunda crise causada polo coronavirus, aprobou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU, dotado con 750.000 millóns de euros. O Fondo de Recuperación garante unha resposta coordinada cos Estados membros da UE para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia.

SEGUNDO. - O núcleo do Fondo de Recuperación constitúe o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para acadar unha recuperación sostible e resiliente, ao tempo que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

TERCEIRO.- Para acadar os devanditos obxectivos, cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarios para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España, a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación. As medidas que recolle o plan cumpren cos seis piares establecidos polo Regulamento da UE, e articúlanse arredor de catro eixes transversais: transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero. Estes catro eixes estrutúranse nas 10 políticas panca ou tractoras que van incidir directamente naqueles sectores produtivos con maior capacidade de transformación do tecido económico e social, dentro das cales se



recollen 30 compoñentes que permiten artellar os programas coherentes de investimentos e reformas do Plan. Na política panca V, “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da peme, recuperación do turismo e impulso dunha España nación emprendedora”, encádrase o compoñente 14, “Plan de modernización e competitividade do sector turístico”, na inversión 4, «Actuacións especiais no ámbito da competitividade», e no proxecto 3, que ten por obxecto financiar a rehabilitación de bens de interese cultural de titularidade pública con uso turístico.

CUARTO. - Ditas inversións canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levarán a cabo os ministerios, as empresas públicas estatais ou as propias comunidades autónomas. Neste marco, a Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, vén traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/1986, do 18 de novembro, en relación coas atribucións da Presidencia da Deputación Provincial.
- R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación coas competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS), e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Bases do orzamento da Deputación de Pontevedra.
- E demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, ao tratarse dun proxecto co-financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, atenderase á seguinte normativa:

- Orde ICT/1363/2022, do 22 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico e procédese á súa convocatoria correspondente ao exercicio 2022, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO. A riqueza do patrimonio cultural do noso país está recoñecida a nivel internacional polos 49 bens declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, o que sitúa a España como o terceiro país con máis declaracións en Europa e o cuarto a nivel mundial.

Ademais, o patrimonio cultural de España reflíctese nos máis de 30.400 bens que contan co máximo nivel de protección segundo a lexislación de patrimonio histórico, ao teren sido declarados bens de interese cultural (BIC).

Desde a perspectiva do turismo, cómpre salientar o enorme protagonismo que, desde os seus inicios, ten o patrimonio histórico como elemento de atracción de visitantes aos destinos. Por este motivo, é esencial potenciar e mellorar a competitividade de España mediante este produto turístico cultural que representa a identidade, a diversidade cultural e o rico patrimonio histórico do noso país.

SEGUNDO.- O 12 de abril de 2023 publicouse o Extracto da Orde do 22 de decembro de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente á Orde ICT/1363/2024, do 22 de decembro (BOE 09/01/2023), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico e apróbase a súa convocatoria para o exercicio 2022, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

En consecuencia, a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, presenta o proxecto de mellora patrimonial do Castelo de Soutomaior mediante a iluminación, a accesibilidade e a tecnoloxía de realidade virtual á convocatoria do Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico.

O citado proxecto presenta as seguintes características:

Obxectivo global: traballar conxuntamente para incrementar a “mellora patrimonial do Castelo de Soutomaior mediante a iluminación, a accesibilidade e a tecnoloxía de realidade virtual”, presentado á convocatoria de axudas para o programa “mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico”, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: De acordo co previsto no artigo 42 das bases da convocatoria, na redacción dada pola Orde ICT/1363/2023, do 22 de decembro, todos os proxectos deberán estar executados como máximo antes do 31 de marzo de 2026.

Ámbito de actuación do proxecto: No caso da Deputación de Pontevedra, o ámbito é provincial.



Actuacións:

ORZAMENTO SOLICITADO	ORZAMENTO FINANCIABLE	SUBVENCIÓN PROPOSTA
Obras escaleira Torre Homenaxe	363.000,00 €	363.000,00 €
Visitas Virtuais	145.200,00 €	145.200,00 €
Proxecto de Iluminación	2.005.922,00 €	2.005.922,00 €
TOTAL ACTUACIÓN	2.514.122,00 €	2.514.122,00 €

TERCEIRO.- O 5 de xullo de 2024, a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria e Turismo notificou a proposta de resolución provisional de concesión de axudas para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico, na que se propón conceder a axuda solicitada na convocatoria á Deputación de Pontevedra e se inicia o trámite de alegacións por un prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación.

CUARTO.- O 18 de novembro de 2024, a Secretaría de Estado notificou a resolución provisional da concesión, e o 20 de novembro de 2024, a resolución definitiva, que no seu apartado V di:

Modificación da resolución de concesión: De acordo co artigo 25 da Orde ICT/1363/2022, do 22 de decembro, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

B. Poderase modificar a resolución de concesión sempre e cando:

- 1) Existan causas sobrevidas que non puideron preverse no momento da solicitude e que non fosen previsibles con anterioridade.*
- 2) Exista necesidade de axustar a actividade a especificacións técnicas, de saúde, medioambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade, aprobadas con posterioridade á adxudicación da axuda ou que impidan ou comprometan a formalización da contratación dos servizos e/ou a adquisición dos bens correspondentes, así como a execución do proxecto no prazo establecido.*
- 3) Sexa necesario modificar o desglose do importe total subvencionado das distintas categorías de gasto, sempre que sexa orzamentariamente posible, non supoña un incremento da contía inicialmente concedida e estea debidamente motivado.*

C. Non se poderá modificar a resolución de concesión cando varíe o destino ou finalidade da subvención, os obxectivos perseguidos coa axuda concedida, ou se altere a actividade, o programa ou a actuación para os que foi concedida, se pretenda incrementar a contía da subvención outorgada que figura na resolución de concesión, nin prorrogar o prazo de execución dos proxectos.

- 1) A variación non pode modificar aqueles aspectos propostos ou ofertados polo beneficiario que foran razón da súa concreta adxudicación. O obxecto debe ser o mesmo que se propuxo na solicitude.*
- 2) A variación non pode modificar o cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo» nin os fitos e obxectivos establecidos no Plan de Recuperación.*



3) *A variación non pode supoñer o incumprimento do destino do ben a uso turístico.*

D. Calquera modificación requirirá a solicitude previa do interesado. O prazo para a presentación de solicitudes rematará quince días hábiles antes de que finalice o prazo de execución dos gastos inicialmente previstos. A solicitude deberá ser aceptada expresamente polo órgano que ditou a resolución de concesión, notificándose ao interesado. No caso de non recibir notificación da aceptación por parte do órgano que ditou a resolución de concesión nun prazo de dez días, entenderase desestimada a modificación.

E. Se como resultado da modificación da resolución de concesión se producise un exceso de axuda concedida, procederase de maneira inmediata a iniciar o procedemento de reintegro do pagamento anticipado, xunto cos xuros de demora, sempre que se producise, desde o momento do pagamento ata a data en que se acorde o reintegro, por importe do citado exceso, sempre que o pagamento material se tivese realizado.

QUINTO. - De acordo co establecido no artigo 25 da Orde ICT/1363/2023, relativo á modificación da resolución de concesión, e tendo en conta as circunstancias e causas sobrevidas na execución do proxecto, así como a necesidade de axustar a actividade a especificacións técnicas, resulta necesario axustar o desglose do importe total subvencionado nas distintas categorías de gasto, non supoñendo dita modificación un incremento da contía inicialmente concedida e cumprindo co obxectivo previsto de destinar o ben a un uso turístico, tal e como se expón a continuación.

Segundo o Anexo I. Condicións técnico-económicas da resolución definitiva, no desglose orzamentario constan:

- Visitas virtuais con 145.200,00 €, Atendendo a os prezos de mercado, a licitación das visitas virtuais previstas foron licitadas por un importe de 67.518,87 €

Actualmente o Servizo conta cos pregos redactados por importe 77.481,13 para a contratación dun videoxogo para dispositivos móbiles centrado na historia medieval do Castelo de Soutomaior.

- Escaleira da Torre da homenaxe con 363.000 €. O centro xestor, conxuntamente co Servizo de Arquitectura, encargou a realización do proxecto da escaleira que tanto Patrimonio como o persoal técnico dos servizos de Turismo consideraron inviable, polo seu carácter invasivo tanto sobre o ben patrimonial como sobre a musealización existente no monumento.

Por este motivo, desde o centro xestor, e atendendo ao carácter da convocatoria e ás circunstancias imprevistas anteriormente sinaladas, propónse incluír para a execución deste novo desglose orzamentario os seguintes conceptos:

- Conservación de varios elementos construtivos do Castelo de Soutomaior (cubertas) 91.226,77, que conta con autorización de Patrimonio e está unicamente pendente da licenza municipal para proceder á súa licitación.
- Sistemas de seguridade anticaídas para as cubertas do Castelo de Soutomaior por importe total de 30.000,00 €
- Redacción do Proxecto básico e de execución do Centro de recepción de Visitantes, por importe de 24.000,00 €



- Instalación dun pararraios no Monumento e a súa contorna por importe 21.000,00 €
- Demolición Casa do Garda, actualmente en ruínas e constituíndo un perigo para os visitantes por importe de 76.773,23 €
- Plan director e de Conservación do Monumento e a súa contorna por importe de 120.000,00 €
- Proxecto de Iluminación e xardíns con 2.005.922,00€. Este proxecto atópase actualmente en proceso de licitación, contando con todos os permisos necesarios para a súa execución antes do 31 de marzo de 2026.

Atendendo a esta solicitude de modificación, a proposta de condicións técnico-económicas debería quedar do seguinte xeito:

PRESUPUESTO SOLICITADO	Contenido de las modificaciones		Presupuesto financiable TOTAL
Escaleras de la Torre	Conservación de varios elementos constructivos do Castelo de Soutomaior	91.226,77 €	363.000,00 €
	Sistemas de seguridad anticaídas para las cubiertas del castillo de Soutomaior	30.000,00 €	
	Redacción del Proyecto básico y de ejecución del Centro de recepción de Visitantes	24.000,00 €	
	Instalación de un pararrayos en el Monumento o su entorno	21.000,00 €	
	Demolición Casa del Guarda	76.773,23 €	
	Plan director y de Conservación del Monumento y su entorno	120.000,00 €	
Visitas Virtuales	Visitas Virtuales	67.518,87 €	145.200,00 €
	Gamificación	77.681,13 €	
Proyecto de Iluminación		2.005.922,00 €	2.005.922,00 €
Total actuaciones		2.514.122,00 €	2.514.122,00 €

SEXTO.- Tendo en conta o estado actual das licitacións realizadas no marco do proxecto, así coma aa reunión de seguimento celebrada co Ministerio o 9/06/2025 procede solicitar, ao órgano competente, a modificación da desagregación do importe total subvencionado, en atención do anteriormente exposto, para dar cumprimento coas obrigas asumidas.

En virtude do exposto, en base a os antecedentes, normativa aplicable e fundamentos xurídicos e tratamento técnico a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Presentar, ante o Ministerio de Industria e Turismo, a solicitude de modificación da resolución de concesión, como consecuencia da modificación do desglose do importe total subvencionado nas distintas categorías de gasto, do proxecto “*MELLORA PATRIMONIAL DO CASTELO DE SOUTOMAIOR A TRAVÉS DA ILUMINACIÓN, A ACCESIBILIDADE E TECNOLOXÍA DE REALIDADE VIRTUAL*”, que conta co financiamento do Ministerio de Industria e Turismo a través da convocatoria regulada na Orde ICT/1363/2022, do 22 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico e procédese á súa convocatoria correspondente ao exercicio 2022, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



25.35355.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN Nº 3 DA OBRA “REFORMA NOS ASEOS DA UNIDADE CENTRO DE DÍA BARULLO DO CENTRO INFANTO XUVENIL ESCOLA FOGAR DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE”(EXPTES. 2025033184 E 2025030739)

Mediante Resolución Presidencial, con número 2024009949 e data 26.12.2024, adxudícase á empresa Manserga y otros servicios, S.L. (B36556488) a obra de Reforma nos aseos da unidade de Centro de día Barullo do Centro Infanto Xuvvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe, por un importe de 26.555,00 €, mais a cantidade de 5.576,55 € correspondente ao 21% de IVE, sumando un importe total de 32.131,55 €.

Con data 03.02.2025 asínase a acta de comprobación do replanteo da obra, na que se recolle que “[...] *Ausencia de documentación acreditativa da apertura do Centro de Traballo. Polo que non se autoriza a comezar os traballos ata que non se presente a citada documentación [...]*”.

Con data 18.02.2025 asínase dilixencia complementaria á acta de comprobación de replanteo por parte da dirección facultativa (o arquitecto don Martín Barreiro Cruz e a arquitecta técnica dona Sabela López Lado, adscritos ambos ao servizo de Arquitectura) e o representante da empresa Manserga y otros servicios, S.L. (don Santiago Luciano Castellano), na que se recolle que “[...] - *Que se recibiu e verificou a documentación necesaria para o inicio dos traballos, en particular a documentación acreditativa da apertura do Centro de Traballo.*

- *Que, unha vez cumpridas ditas condicións, autorízase o inicio dos traballos a partir da data desta dilixencia [...]*”

Con data 25.03.2025, a arquitecta técnica directora de execución de obra, asina o informe técnico en relación ao prazo de execución das obras, no que se recolle que “[...] O 03.02.2025 asínase a acta de comprobación do replanteo establecéndose como data para a finalización dos traballos o 03.04.2025. No dito documento, a dirección facultativa constata que se ben se pode comprobar a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos, non obstante, non é posible o inicio das obras debido á ausencia da aprobación do plan de seguridade e saúde e consecuentemente da documentación acreditativa da apertura do centro de traballo. Logo da emenda desta deficiencias, o 18.02.2025 asínase unha dilixencia na que se autoriza á empresa adxudicataria o inicio dos traballos a partir desta data.

En consecuencia, existe un prazo de 12 días hábiles, ambos inclusive, desde a sinatura da acta de comprobación do replanteo ata que a empresa puido proceder ao inicio efectivo dos traballos.

2.- Por outra banda, cómpre indicar que as obras obxecto do proxecto realízanse nunha edificación existente, construída na década dos 70, da que non se dispoñen planos nin documentación relativa ás instalacións orixinais.

No transcurso da obra xorden unha serie de circunstancias non previsibles, as cales supoñen un aumento no programa de traballo inicialmente previsto:

- Durante os traballos de demolición do azulexado existente nos paramentos verticais, descóbrese que os tabiques existentes están formados por un ladrillo sinxelo de 4cm de espesor colocado a panderete e enfusado polas dúas caras. Debido á lixeireza destes elementos divisorio e para evitar danalos ou provocar o seu derrube total, os operarios tiveron que traballar con moita máis precaución e cautela da habitual neste tipo de tarefas o que supuxo un aumento no tempo estimado da demolición.
- Así mesmo, ao descubrir as instalacións existentes compróbase o importante deterioro das tubaxes de fontanería existente. Considerado, tamén, o descoñecemento do completo trazado orixinal, a dirección facultativa decide realizar unha nova instalación de fontanería independente dende unha das acometidas existentes, o que tamén supón un incremento do prazo estimado inicial para esta partida.



3.-Ademais, tendo en conta o Calendario laboral para o ano 2025, para o persoal laboral das empresas do sector da construción, publicado no BOPPO, núm. 24, do 05.02.2025, é importante indicar que os próximos días 14, 15 e 16 de abril considéranse festivos de convenio.

Conclusións

Polo tanto, e á vista do anteriormente exposto, esta Dirección Facultativa propón coma nova data de finalización das obras o 28 de abril de 2025.[...]"

Con data 08.05.2025 e 10.05.2025, respectivamente, a dirección facultativa e o representante 5da empresa Manserga y otros servicios, S.L., asinan a certificación nº 3, relativa ás obras executadas durante o periodo comprendido entre o 01.04.2025 e o 28.04.2025, que ascende á cantidade de 7.431,75 €. Achégase a devandita certificación un informe técnico relativo á mesma, asinado pola xefa do servizo de Arquitectura, no que "[...] á vista do anteriormente exposto, solicítase o recoñecemento extraxudicial de crédito da certificación 3 [...]"

Con data 06.06.2025 a Intervención recolle no seu informe de fiscalización da certificación 3 "[...] dado que as unidades de obra que se certifican se executaron, procedería a aprobación da certificación, seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial do crédito [...]"

De acordo co sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio 2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
Manserga y otros servicios, S.L. (B36556488)	25/232.2312.632.03.2024	
	SUBTOTAL	7.431,75 €
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	206,45 €
Control de calidade (3% P.E.M. lic)	Id.	0,00 €
Total descontos	Id.	206,45 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR.....		7.225,30 €

26.35356.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.



27.35357.- FÓRA DA ORDE DO DÍACONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO CONVENIO ENTRE A ENTIDADE MUNICIPAL E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO INVESTIMENTO “REMODELACION DE LA AVENIDA DE PUXEIROS-AVENIDA DO REBULLON (CONCELLO DE MOS)” (EXPTE. 2025042134)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025025088, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do Concello de Mos na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 234.040,78 euros, co obxecto do financiamento da “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CAMIÑO DE SAN COSME E CAMIÑO DA QUINTA” (expediente: 2025021346), en base a un orzamento do mesmo importe.
- Unha vez revisada a documentación achegada, requíreselle ao concello formalmente diversa documentación. En datas posteriores o concello comunica que non pode dar cumprimento ao requirimento formulado.
- Neste contexto, en data 04/06/2025 o concello de MOS presenta unha nova solicitude de subvención por rexistro número WEB2025043114, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 234.040,78 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre o concello de Mos e a Deputación de Pontevedra para a actuación “REMODELACION DE LA AVENIDA DE PUXEIROS-AVENIDA DO REBULLON (CONCELLO DE MOS)”, en base a un orzamento que importa 712.469,61 euros, financiando o concello 50.947,06 euros con fondos propios, quedando configurada a súa petición tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento total	Subvención Plan + Provincia 2025	Achegas doutras adm. públicas (Convenio Deput. Pontevedra)	Fondos Concello de Mos
712.469,61 €	234.040,78 €	427.481,77 €	50.947,06€

- En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando cos informes favorables do persoal facultativo técnico do servizo de Infraestruturas.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:
NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS
INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base 22ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025, que dispón que nos casos dos convenios coa Deputación ou con outras administracións nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello queda exento da aprobación do proxecto técnico.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 06/05/2025, do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 12/06/2025 e do xefe do servizo de Cooperación, de data 12/06/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/06/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mos*, CIF: P3603300I, unha subvención por importe de 234.040,78 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do convenio de colaboración entre a entidade municipal e a Deputación de Pontevedra do investimento “REMODELACION DE LA AVENIDA DE PUXEIROS-AVENIDA DO REBULLON (CONCELLO DE MOS)” (expediente: 2025042134)”, cuxo orzamento ascende a 712.469,61 euros:

Orzamento total	Subvención Plan + Provincia 2025	Achegas doutras adm. públicas (Convenio Deput. Pontevedra)	Fondos Concello de Mos
712.469,61 €	234.040,78 €	427.481,77 €	50.947,06€



- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Concedida a subvención, deberá terse en conta que, para a súa correcta xustificación deberán emitirse por separado as certificacións de obra das estradas de distinta titularidade, provincial e municipal, ou, cando menos, recollerse separadamente as unidades de obra executadas nas estradas de titularidade provincial.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, posteriormente a subvención xerará crédito na aplicación que corresponda, realizándose as oportunas operacións en formalización.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Mos*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

28.35358.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

